VilaBlues

VILAGARCÍA DE AROUSA

BLUES FESTIVAL

22-23-24 XULLO

KEITH DUNN BAND

TRAVELLIN BROTHERS

MARCOS COLL BAND

FEDE AGUADO

DORREY LILES

EDU MANAZAS

STEPHANO RONCHI

ANDREA & THE BLACK CATS

VILABLUES BAND

VilaBlues

FESTIVAL DE BLUES

VILAGARCÍA será a Capital do Blues do 22 ao 24 de xullo.

A tradición e o éxito que tiveron outras experiencias similares como Rita,n Blues ou Vilagarcía Blues Festival celebrados en Vilagarcía de Arousa fai que se aposte por este festival de música, xa que consideramos que a nosa Vila perdeu unha oportunidade histórica de ter unha marca a exportar máis alá do Padornelo.

O Festival nace co obxectivo de ser referencia estatal dos festivais de Blues dende o seu nacemento. É unha música moi especializada, cun público moi diverso que abarca dende nenos a avós, xuntando a bailar a pais e fillos, un estilo de música para un público familiar.

Vilagarcía pola súa estratéxica situación, pola súa gastronomía, polas súas comunicacións, polas súas praias, e pola súa xente é un destino perfecto para os amantes do blues e da musica en xeral.

O festival conta co asesoramento e colaboración de MARCOS COLL, o noso bluseiro máis internacional, imaxe promocional da marca das harmónicas máis importante do mundo HOHNER (un dos patrocinadores do evento) e unha das máximas figuras con ese instrumento a nivel mundial, actuando por todo o mundo. De feito nada mais rematar o festival estará tocando en Seoul, Corea do Sur. Marcos Coll sinxelamente é parte da historia do blues en Europa.

A súa simple presenza abre a porta a todos os medios especializados do país, e a unha promoción de Vilagarcía máis alá das nosas fronteiras. A súa experiencia no sector e a aposta dunha serie de músicos pola existencia dun festival de calidade en Galicia, fai que poda ser posible a celebración deste evento.

1.-ESCENARIOS e LOCALIZACIÓNS

BALDOSA e ROMERO ORTÍZ.-

Escenarios situados para a dinamización da hostalaría destas rúas. Nelas realizaranse as Vermú Sessions e en Romero Ortíz ademais haberá unha proxección dun documental coa colaboración do CINECLUBE ADEGA.

ESCENARIO DO CASTRO.-

Escenario de medio formato para dar o concerto de benvida nun dos poucos lugares históricos que quedan nas rúas de Vilagarcía: O Castro. Facendo participes aos numerosos negocios hostaleiros da zona do festival.

ESPACIO MAHOU PRAZA DA PEIXERÍA.-

Un espacio permanente no que se realizarán diversas actividades coma as Master Class, Jam Sessions e a Romaría Blues.

ESCENARIO ALAMEDA.-

Escenario Principal do Festival onde sábado e domingo poderán visualizarse as actuacións dos cabezas de cartel do festival. Artistas internacionais acompañados por artistas estatais cunha gran variedade de estilos dentro da programación do cartel deste primeiro VILABLUES Festival cunha traxectoria dilatada no mundo do blues estatal e internacional.

AUDITORIO DE VILAGARCíA.-

Nunha das aulas do Auditorio de Vilagarcía terá lugar un obradoiro de baile a cargo dunha artista internacional. Será a única actividade de pago cun precio simbólico de 5 euros e a recaudación será integra para o artista.

2.-PROGRAMA

VENRES 22 XULLO

13:00 INAUGURACIÓN do VILABLUES Festival Escenario a Baldosa

"O HARMÓNICAZO" Alberto Varela (Alcalde Vilagarcía)

13:00 VERMÚ SESSION A Baldosa STEPHANO RONCHI & CONVIDADOS

20:00 MASTER CLASS Espacio Mahou Praza da Peixería. STEPHANO RONCHI (Guitarra Slide)

21:45 PROXECCIÓN Cine documental CINECLUB ADEGA

Documental "HONDARRIBIA CROSSROADS"– O noso exemplo a seguir.

23:00 Escenario O Castro. ANDREA & THE BLACK CATS + VILABLUES BAND

SÁBADO 23 XULLO

13:00 VERMÚ SESSIONS Romero Ortíz EDU MANAZAS & CONVIDADOS

20:00 MASTER CLASS Espacio Mahou Praza da Peixería. MARCOS COLL (Harmónica)

22:00 ESCENARIO ALAMEDA

FEDE AGUADO & FIERABLUES + MARCOS COLL BAND & DORREY LILES

0:30 JAM SESSION.- Espacio Mahou Praza da Peixeria - Coa participación da VILABLUES BAND

DOMINGO 24 XULLO

12:00 BAILA BLUES Obradoiro de Baile Blues impartido por LEANNA, tamén coñecida coma DJANE ROSA LEE dende UCRAíNA (Berlín Blues Explosion Dance Festival).- AUDITORIO DE VILAGARCíA (5€ custe da matrícula. Recaudación integra para a artista).

A partires da 13:00 ROMARÍA BLUES. Espacio Mahou Praza da Peixería. Degustación de pratos feitos por cociñeiros de prestixio relacionados con produtos típicos das nosas augas e o blues. Comida de fraternidade coa presenza dos artistas participantes no festival na que haberá diversas actuacións e moito blues para dixerir a comida. Exhibición de Baile Blues unha vez rematada a comida. Unha romaría que ben podería trasladarse a Chicago, Missisipi ou a mesmísima Nueva Orleans.

PRESENTACIÓN PROXECTO LOCAL.- SHOUT

DJ,s BLUES, BAILA BLUES e MÁIS SORPRESAS

VILABLUES BAND + Artistas Nacionais e Internacionais participantes no festival.

ENTREGA DO GALARDÓN DO FESTIVAL Entregarase o galardón do primeriro EMBAIXADOR VILABLUES para que sexa representantre deste festival alá por onde leve a súa música.

22:00 ESCENARIO ALAMEDA

TRAVELIN BROTHERS + KEITH DUNN BAND

00:30 A JRAN JAM.- Espacio Mahou Praza Peixeria Festa final coa presenza de case que a totalidade de artistas participantes nesta edición do VILABLUES Festival.

3.- ARTISTAS

STEFANO RONCHI.-

É un guitarrista de blues e cantante italiano, residente en Berlín, aútentico experto en estilos tan dispares coma a música de raíz dos anos 20, o Ragtime ou o Deltablues. Será o encargado de abrir o festival na Vermú Session da Baldosa e o primeiro en pasar polo Espacio Mahou para impartir unha master class.

www.stefanoronchiblues.com

ANDREA & BLACKCATS.-

Son a representación galega do festival. Versionan clásicos do blues, dende os anos 20, ata algúns dos 60 que a gran maioría do público descoñecen, tentando que este estilo de música estea vivo. No ano 2015 foron galardonados polo VI Concurso da Sociedat de Blues de Barcelona.

www.andhreaandtheblackcats.com

VILABLUES BAND.-

É a banda propia do festival, a encargada de levar o peso das diferentes jams sessions e aútenticos especialistas en todos os estilos do blues. Edu Manazas, Stephano Ronchi acompañados na sección rítmica polos Barez Bros (coñecidos polas súas últimas colaboracións co Langui ademais de acompañar a moitos dos artístas internacionais que xiran polo estado).

EDU MANAZAS.-

Un dos bluseiros estatais referentes. Parte da historia do blues estatal xa que participou en mil formacións lexendarias e ten a admiración de toda a comunidade blues, recibindo alabanzas de todos os seus membros. "Cando o escoitas faite estremecer"

https://www.youtube.com/watch?v=CF3qUtQBI0o

MARCOS COLL BAND

Dende Berlín cheganos a MARCOS COLL BAND encabezada polo xenial harmonicista galego, imaxe promocional de HOHNER e coñecido por participar en proxectos coma Los Reyes del KO, Los Mighty Calacas, etc... Compartindo escenario estarán músicos top da escena internacional coma JAN HIRTE (Guitarra / Alemaña), DARY TAYLOR (Baixo / EEUU), AINIE FUJIKA (Batería / Xapón). A banda soe deleitarnos cun amplo e variado repertorio tocando diversos estilos do blues.

www.marcoscoll.com

DORREY LYLES.-

Será a invitada pola banda de Marcos. Unha blues-woman que vén do mundo do góspel, onde participou nos millores coros do mundo, participando en numerosos musicais. Nada en Nueva Jersey é un espectáculo,destacando a súa maneira de moverse no escenario a súa voz máxica.

www.dorreylyles.net

FEDE AGUADO & FIERABLUES.-

Fede é un "bluesman" no máis amplo sentido do termo, a súa música é puro blues, diversión en directo e unha brisa de aire fresco para todos os que admiramos a súa marabillosa cabezonería de cantar blues en castelán. Iso é o que o fai especialmente atractivo para toda a xente que adora o xénero. Fede non deixa a ninguén indiferente...é un tipo especial.

https://bluesvibe.com/2012/09/25/fede-aguado-cuando-el-blues-se-hace-propio/

TRAVELLIN´ BROTHERS

Unha longa e dilatada traxectoria de 12 anos e máis de 820 concertos de xiras estatais, europeas e americanas, coa mesma formación dende a súa orixe. Seis irmáns e amigos do mesmo barrio de Leioa un pobo do extrarradio de Bilbao. No 2016 tocarán por 14 paises diferentes. Sen dúbida estamos ante unha das bandas máis importantes da escena europea.

https://www.youtube.com/watch?v=wS3qx4eTWYg

KEITH DUNN BAND

O harmonicista e cantante Keith Dunn é unha lenda viva do blues, cunha traxectoria profesional de máis de trinta anos sobre os escenarios. Un músico que percorreu os 5 continentes e miles de escenarios en todo o mundo, colaborando con artistas tan importantes do blues clásico (Billy Boy Arnold, Magic Slim, Big Joe Turner, Walter Horton, Jimmie Dawkins) coma contemporáneo (Steve Ray Vaughan, Roomful of blues, Lurrie Bell, Billy Brach,...etc)

Keith estará arropado pola súa potente banda, que transmite a esencia do Blues con toda a súa forza e pureza, combina a perfección o seu labor de vocalista e harmónicista, dúas disciplinas que o bluesman de Boston domina con mestría.

http://www.sniborproducciones.com/keith-dunn.html

VilaBlues

VILAGARCÍA DE AROUSA

BLUES FESTIVAL

22-23-24 XULLO

www.vilablues.com

ORGANIZACIÓN

Blues Rock and Road

PATROCINADORES OFICIAIS

Mahou ★★★★★ HOHNER adagio

COLABORADORES

ORSINGE AUDIX MICROPHONES ádega cine clube GLOBALSETUP dUeNde Martín Códax Porto de Vilagarcía

Concello de Vilagarcía de Arousa